



## ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E CINCO DE OUTUBRO DE 2017, CON CARÁCTER ORDINARIO

### SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D <sup>a</sup> . MARGARITA DEVESA CARDELLE D. ROGELIO LEMA MOUGÁN D <sup>a</sup> . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN D <sup>a</sup> : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA D. EUGENIO BARREIRO GÓMEZ D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE D <sup>a</sup> , MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día vinte e cinco de outubro de dous mil dezasete, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

### ORDE DO DÍA

#### **1º.- Aprobación, se procede, de acta de sesión anterior (20/09/2017).**

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o pasado vinte de setembro que é aprobada por unanimidade dos asistentes.

#### **2º.- Aprobación inicial, se procede, da Relación de Postos de Traballo (RPT) do persoal municipal.**

Dáse conta do informe da comisión informativa de economía e especial de contas do día vinte e tres de outubro sobre a aprobación inicial da Relación de postos de Traballo (RPT) do persoal municipal.


De conformidade coa Providencia da Alcaldía de data 02/10/2017 foi elaborado o proxecto de Modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) deste concello.

O proxecto de modificación da Relación de Postos de Traballo foi negociado co representante dos funcionarios e do persoal laboral, incorporándose as correspondentes modificacións.

Visto o informe de Secretaría e de conformidade co disposto no artigo 22.2.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse ao Pleno:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente a Relación de Postos de Traballo deste concello, co texto que figura no expediente.

**SEGUNDO.-** Expoñer ao público a mencionada relación durante o prazo de quince días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán examinala e



presentar reclamacións ante o Pleno. A relación considérase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

TERCEIRO.- Unha vez aprobada definitivamente a Relación de Postos de Traballo publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia e remitirase unha copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

A Presidencia di que cando chegaron ao goberno as reivindicacións dos traballadores eran dúas: mellorar ou realizar un novo convenio colectivo e a RPT. Eran momentos complicados pola crise. Realizouse un novo convenio colectivo onde se acadou un acordo máximo cos sindicatos e a partir de aí comezouse a falar da RPT. Os sindicatos transmitiron uns obxectivos salariais por parte dos traballadores e falouse con eles para ser todos un pouco flexibles para ir pouco a pouco acadando eses obxectivos.

A mellor maneira de intentar acadar eses obxectivos era facer unha RPT, e pediron que se adiantara ese esforzo económico, en vez de dous anos, a un ano, e que se fixera un esforzo para sacalo o máis pronto posible.

Ao mellor non é a ideal, pero chegou a ese acordo cos sindicatos. Pídelle desculpas á oposición porque ata a semana pasada non culminaron os flocos da RPT e non se puido remitir o borrador definitivo ata o luns ao mediodía.

Di que é unha cuestión dinámica, é dicir, se hai cuestións que non están ben iranse corrixindo nos próximos anos, e por iso pide o apoio para a súa aprobación.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE di que quixeran votar a favor porque é un compromiso do anterior alcalde no ano 2009.

Di que chega oito anos e sete mil cincocentos euros despois. Os sindicatos deron o seu visto bo, pero segundo dixo o Sr. Secretario pode haber pequenas modificacións; polo que resulta moi difícil votar a favor. Di que se van abster e que seguirán pendentes deses flocos que faltan.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, pregunta se alguén ten o documento que se vai someter a debate e votación no pleno de hoxe.

Pediuna copia a semana pasada e enviáronlle o venres un borrador. Na comisión desta semana, o luns, presentaron un borrador dun borrador e hoxe en conversa telefónica dinlle que houbo unhas modificacións do borrador do borrador.

É a segunda vez nesta lexislatura onde chegan a un pleno sen os documentos que se están sometendo a votación.

Intervén o Sr. Secretario para dicir que pode haber algún erro de matización. A RPT é unha cuestión de funcionarios e laborais fixos, polo que no esencial a RPT, nestes momentos, non hai ningún erro fundamental. Nun documento de tantas follas, revisado en varias ocasións, pode haber un erro que non teña transcendencia de cara ao que é a RPT. Por exemplo, no organigrama colouse unha praza de limpadora a maiores, de unha persoa que xa non está. Pode haber algún erro nas retribucións dunha persoa por un erro na suma e quede un pouco por abaixo ou por arriba, pero iso non afecta á RPT en si.

A Presidencia di que se reenviou o luns ás tres da tarde e pode haber algún erro material nas cantidades onde non coincide nunha a da táboa coa da ficha.



O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, afirma que é unha cuestión de desprezo absoluto ao pleno que a Presidencia traia a debate e a votación un documento que non lle presenta ao resto dos grupos. Xa o fixo na comisión ao levar o borrador do borrador, dun asunto no que ao parecer levaban un ano traballando nel e no que leva unha empresa meses traballando e lle pagaron 7.500 €; cando o Alcalde nesa mesma comisión fixo cambiar unha coma a unha moción que se presentou e resulta que trae o borrador do borrador á comisión e pleno.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, di que unha das razóns para facer esta RPT era equilibrar os chanzos salariais. Analizándoa hai chanzos onde hai unha diferenza entre un 70 e un 30 %. No grupo A2 70%, C2 12%, Nivel 5 14%, Nivel II 15%, Nivel III 30%, Nivel IV 22% de diferenza salarial.

Afirma que teñen unha RPT gratis que lles fixo a Deputación de A Coruña hai cinco anos gardada, feita polo mesmo técnico que fixo esta e que non quixeron activar porque non lles deu a gana.

Xeran unha nova, co mesmo técnico que fixo a anterior, pagándolle 7.000 €, para facer esta ao seu gusto; e da que ningún funcionario sabe nada dela.

E resulta que o resto dos traballadores non sabe nada do asunto, e mesmo algún soubo dela hoxe de milagre.

Despois dun ano traballando, dérona o venres, explicárona o luns e hoxe chaman para dicir que non é o documento definitivo. É unha cacicada.

Funcionarizan cinco postos de traballo, e está a piques de facer o que fixeron en Ourense; poñer nun sobre o nome das persoas que van sacar a praza, levalo a un notario e abrillo cando esas prazas saian adiante.

Di que unha cuestión tan importante que vai marcar os postos de traballo durante tanto tempo, se solucione deste xeito, sen o consenso dos propios traballadores, considérao unha canallada. Polo tanto non van votar; sairán para fóra.

A Presidencia di que levara tanto tempo acadar os obxectivos salariais débese a unha cuestión, na maior parte dos casos, por problemas co goberno central. Houbo unha baixada do 5% nos salarios na época de Zapatero, e agora mesmo tamén coas limitacións pola crise. Isto limita á hora de poder acadar eses obxectivos salariais, sobre todo polos toques que marca o propio Estado. Por iso, non é que non houbese vontade, é que non había forma nin maneira de chegar. Recoñece e aprecia a comprensión do PSdG-PSOE no seu momento e agradece a abstención para que saia adiante.

En canto ao Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA e ao Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que non vai entrar nun debate estéril, porque non ten sentido.

Dixeron que presentarían a RPT cando houbera un acordo, non tiña sentido traer algo a pleno cando non había acordo cos sindicatos.

Nesa mesa de negociación hai funcionarios, coa súa representación, e laborais coa súa representación. Desde esa perspectiva, no momento no que se acadou un acordo, fundamentalmente cos sindicatos, é cando se pode traer e presentar aos grupos da oposición. É certo, e por iso pediu desculpas, que o que se trae aquí, nun 99,9%, é o que se mandou o luns ao mediodía, e debera ter sido antes. Pero tamén é certo, que para que isto sexa efectivo, e non é ningunha cacicada, necesítase que sexa agora en outubro.

Non se están creando prazas a ninguén. De feito, unha vez aprobada a RPT, comezará o diálogo cos sindicatos para ver como vai ser a provisión desas prazas; polo tanto non son cacicadas, cando se someten aos criterios da representación sindical.



Respecto a que esta mesma empresa traballara para a Deputación, infórmalle o Secretario que non fora adiante porque os sindicatos non a aceptaron.

Intervén o Sr. Secretario para dicir que nese momento comezaba a crise, non había forma de incrementar a masa salarial e decidiuse non levala adiante. O persoal o que buscaba eran os incrementos salariais, e para non telos, deixouse para máis tarde debido ás restricións que había dende Madrid.

A Presidencia dilles ao Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA e ao Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, que se queren ausentarse da votación están no seu dereito, pero que teñen a opción de votar en contra ou absterse.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE di que a Alcaldía non acepta a crítica que lle fan con respecto á tardanza. A culpa é de Zapatero, da crise que goberna o PP, onde se tomaron unha serie de decisións que provocaron recortes. Di que lle pode botar a culpa a quen queira, pero o certo é que houbo unha falta de vontade para cumprir un compromiso dende o ano 2009; e que se leve a cabo oito anos despois, aínda con modificacións, resúltalles imposible votar a favor.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, pídelles á Presidencia que se ten respecto polo pleno, e dado que nin sequera facilitou o documento aos grupos, que o retire da orde do día, e que ao final do pleno o aprobe por decreto.

Pregunta se de todas as funcións de todos os postos de traballo dese borrador do borrador, hai algunha acción ou encomenda dentro desas funcións contra a loita da violencia contra as mulleres e a favor da igualdade de oportunidades home/muller; e relativa ao fomento do galego.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA rógalle á Presidencia que lle diga ao Sr. Tudó, que para ter feito naquel momento as RPT dun montón de concellos que non tiveron problemas en levalas a cabo, curiosamente este foi o único que non o fixo, que a calidade do seu traballo é deplorable.

Deixan dentro do organigrama do concello ao Sr. Fermín. Poñen un arquitecto técnico dentro de urbanismo e un aparellador e resulta que o arquitecto técnico ten as funcións de: Elaboración de informes urbanísticos en materia de planeamento. Asesorar á corporación nos asuntos relativos a obras e servizos municipais. Dirección e certificación de obras municipais. Supervisión e coordinación de proxectos externos. Definición e actualización dun Plan Xeral de Ordenación Municipal. Realizará valoracións de terreos rústicos e urbanos así como de inmobles (xa teñan a consideración de bens de dominio público, patrimoniais ou de particulares ) cando sexa necesario. Informes técnicos en expedientes de disciplina urbanística. Informes técnicos de licenzas municipais de obras e apertura. Calquera outra relacionada co posto que lle encomende o seu superior xerárquico dentro das súas competencias. Dígalle ao Sr. Tudó que un arquitecto técnico ten taxativamente prohibido realizar estas funcións. Se ten coñecemento de que un arquitecto técnico realiza estas funcións no concello, vaino denunciar automaticamente ao colexio de arquitectos e inhabilitano por catro anos. Un arquitecto técnico, un aparellador e un enxeñeiro de edificacións é a mesma carreira. Deixan fóra da RPT ao arquitecto municipal e pregunta se van contratar outro aparellador para informar obra maior.

O colexio profesional chámase de aparelladores, arquitectos técnicos e enxeñeiros de edificacións e o de arquitectos é colexio profesional de arquitectos.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Un concello de 5.000 habitantes ten un arquitecto, un arquitecto técnico e un técnico de urbanismo. Arzúa con 6.000 habitantes ten un arquitecto.

Tal e como está a RPT non teñen un posto de traballo para o arquitecto municipal, e teñen dous apareladores.

O Sr. Secretario di que no organigrama non é que sexan dous, é que a apareladora é persoal laboral non fixo, e o que se propón é a creación dunha praza do mesmo. Simplemente se crean no organigrama esas prazas para cubrir no seu momento polo procedemento que se acorde. Non hai dous arquitectos técnicos. Hai un arquitecto técnico, que non debe estar na RPT, e logo o que se crea é unha praza de arquitecto técnico que terá que pasar polo procedemento correspondente para ser cuberta en propiedade.

A praza de Fermín non existe. Sería un posto se el fose persoal do concello, pero el está como autónomo por iso non figura. Os que non son fixos, non son prazas, son postos de traballo que van en branco no organigrama; as que son propiedade de laborais en azul e as de funcionario en amarelo.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA di que está lendo as funcións do arquitecto técnico e pon: apoio ao arquitecto técnico en todas as súas funcións e baixo a súa coordinación; calquera outra relacionada co posto que lle encomende o seu superior xerárquico dentro das súas competencias. Teñen un arquitecto técnico coas funcións de arquitecto, e un aparelador que está para soporte do arquitecto. Con esta descrición de funcións, pregunta se quere dicir que Clara está apoiando agora a un arquitecto técnico inexistente.

Isto é dunha calidade pésima. Se aproban a RPT tal e como está descrito o posto de arquitecto técnico vai ir coa RPT ao colexio de arquitectos para que lla tomben eles.

Intervén a Presidencia para manifestar que a RPT que fixo o Sr. Tudó a través da Deputación é da época de Odón, polo tanto anterior a cando comezaron a gobernar eles.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA di que o problema é que lles dan a documentación o venres, explícanas o luns, non hai tempo para examinar un documento tan importante como este. Xa lles explicará aos veciños como un posto de 9.000 € substitúe a un de 30.000 € e ao revés.

O Sr. Secretario di que hai unha confusión. A nova praza, que é de funcionario, ten asignado en principio un complemento específico de 9.000 €. Está comparando a retribución íntegra cunha parte, e esa parte que é o complemento específico, segundo as funcións e competencias pódese subir ou baixar.

A Presidencia contéstalle ao Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, que non se pode aprobar a RPT por decreto, que hai que facelo en pleno. En relación ás funcións específicas contra a loita da violencia contra as mulleres e a favor da igualdade de oportunidades home/muller ; e relativa ao fomento do galego, a RPT non especifica tanto as funcións dos traballadores. Esas funcións están adscritas a postos de traballo xa definidos na RPT. Sempre aparece “Calquera outra relacionada co posto que lle encomende o seu superior xerárquico dentro das súas competencias”. É imposible, en concellos tan pequenos, andar con ese nivel de descrición. Di que admite todas as críticas, pero que lle pregunten aos representantes sindicais de CCOO e UXT.



Neste momento auséntanse do salón de plenos o Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, e o Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA.

Posta a votación, apróbase con sete votos a favor do PP e catro abstencións do PSdG-PSOE.

Neste momento incorpóranse de novo o Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, e o Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA.

### **3.- Declaración institucional en relación ao homenaxe a don Mariano Lema Pérez.**

“Que o concello de Vedra, conforme ao establecido polo pleno do mes de maio de 2009 de realizar un acto de homenaxe institucional á figura de D. Mariano Lema Pérez, acorda de forma unánime concretar dito acto mediante a colocación dunha placa e dunha imaxe del no edificio que albergará o “Arquivo Histórico Municipal de Vedra e das Sociedades de Emigrantes”; pois sendo unha persoa que traballou sen descanso polo ben social e cultural dos veciños a prol da dignificación do traballo que se pode facer nun concello pequeno, tanto dende o goberno como dende a oposición, o seu respecto absoluto por outras formas de pensar, sen que iso supuxera ceder na defensa das súas ideas; e o seu compromiso con este concello que foi máis alá do seu labor como concelleiro. Sobre todo conseguiu que as sociedades da emigración entregaran ao concello o valiosísimo arquivo da emigración catalogado polo Consello da Cultura Galega, algo fundamental da nosa historia e do que somos. Pois que mellor para a nosa veciñanza e para esa nosa historia que recordar para sempre a súa figura ligada de forma inseparable á memoria dos nosos emigrantes.”

Posta a votación, apróbase por unanimidade.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE di que están satisfeitos de chegar a este acordo. O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA manifesta que non coñeceu a Mariano, pero si á súa viúva e fillos e alégrase de que se recorde a este home tan importante para Vedra. A Presidencia di que é mérito das xentes de Vedra, de todos os que están hoxe aquí, e isto é unha das cousas bonitas e agradables que ten a política local e cre que é unha homenaxe ben merecida.

### **4.- Acordo, se procede, sobre moción presentada polo PSdG-PSOE para dotar de desfibriladores aos lugares onde se practica deporte no concello.**

Dáse conta da moción presentada polo PSdG-PSOE na que expón que debido ao acontecido nos últimos tres meses, onde dúas persoas sufriron un infarto con diferentes finais, e tendo en conta as recomendacións do Consejo Español de Resucitación Cardiopulmonar sobre a instalación, autorización e formación para o uso do desfibrilador externo automático fóra do ámbito sanitario propón:

Primeiro.- Facer un estudo dos lugares onde sería preciso instalar estes dispositivos así de como se levaría a cabo a formación do persoal para a súa utilización atendendo tamén ás recomendacións que fai o CERCP.

Segundo.- Contemplan nos orzamentos unha partida específica para a citada dotación.



Terceiro.- Invitar aos demais grupos da corporación a que se sumen a esta moción para presentala conxuntamente.

Proponse que se dispoña dun no pavillón , outro no campo de campo de fútbol de San Mamede e outro no vehículo de Protección Civil.

O Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE di que simplemente queren evitar no posible futuros problemas como aconteceron ultimamente, un deles cun final trágico.

A Presidencia agradece a iniciativa e votarán a favor da mesma. A súa responsabilidade é instalalos o máis pronto posible.

Posta a votación apróbase por unanimidade.

**5º.- Acordo, se procede, sobre moción presentada polo PSdG-PSOE sobre asentamento da vespa velutina.**

Dáse conta da moción presentada polo PSdG-PSOE na que expón que a situación provocada nos últimos anos polo asentamento definitivo da vespa velutina en Galicia está a coller uns niveis alarmantes, sendo o noso concello entre os máis afectados pola praga deste especie invasora, superando a día de hoxe os 300 niños detectados

A pesares dos programas de vixilancia e control da vespa velutina da Consellería de Medio Rural de Galicia, son insuficientes dadas as características reprodutoras desta especie, e dada a dificultade e os insuficientes recursos materiais e persoais dispoñibles, levan aos concellos de poucos habitantes como Vedra a botar man de persoas voluntarias para poder cubrir as necesidades de destrución de niños.

As condicións climatolóxicas deste pasado inverno-primavera de 2017 foron especialmente favorables para a expansión desta especie tan daniña para as abellas produtoras de mel, o que leva a un repunte da actividade da velutina como temen os apicultores.

Por todo iso faise imprescindible redobrar e canalizar adecuadamente os esforzos para loitar con efectividade contra esta praga:

a.- A potenciación da investigación faise imprescindible tanto para coñecer adecuadamente os comportamentos e características da velutina como para atopar as fórmulas adecuadas coas que combatela.

b.- O combate dunha praga coas características da velutina require unificar esforzos e contar coa participación dos axentes implicados neste combate, por esta razón entendemos que a presenza e integración do tecido apícola do concello e comarca e de gran interese para atopar as mellores fórmulas de combate e control da praga.

c.- Coñecer as características da praga por parte da poboación implica unha labor de divulgación que debe ir dende os centros de ensino ata a poboación en xeral.

d.- Outra das liñas de actuación fundamentais é a loita preventiva a levar adiante antes do próximo verán para evitar un maior número de niños primarios posible co cal axudar no control de individuos



Por iso, o Grupo Municipal dos Socialistas de Vedra presenta ao pleno a seguinte moción para a aprobación dos seguintes puntos:

- 1º.- Instar á Xunta de Galicia a impulsar as liñas de investigación con suficiente orzamento e non duplicar liñas de investigación.
- 2º.- Potenciar os esforzos da loita preventiva na primavera para a máxima captura de raíñas.
- 3º.- Habilita unha partida orzamentaria específica no Programa de Medio Ambiente do concello para a loita contra vespa velutina.
- 4º.- Instar á Consellería de Medio Rural a prover ao concello de Vedra de maior dotación de medios materiais e persoais se fose necesario coa contratación de persoal específico para os meses de máis actividade da velutina (maio-outubro).
- 5º.- Desenvolver un programa de divulgación sobre a praga para a poboación en xeral, ademais dun programa específico para os centros de ensino.
- 6º.- Pór en marcha un programa de formación para o persoal implicado no control e erradicación da praga.

O Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE manifesta que isto xa é un problema real, xa que a praga é importante e considera que cos medios cos que hai agora non se vai conseguir paliar. Propón actuar sobre tres piares básicos: a investigación, a prevención e a divulgación.

Sen a investigación non poden terminar coa praga, xa que para poder terminar con ela hai que intentar previr a xeración de niños secundarios e facer unha divulgación importante xa que hai unha desinformación importante.

Falando co Sr. Vázquez Martínez do PP sobre o tema, propuxo unhas modificación que aceptan no primeiro punto quedando do seguinte xeito:

“Instar á Xunta de Galicia e demais administracións a impulsar as liñas de investigación con suficiente orzamento e non duplicar liñas de investigación”. A día de hoxe xa se está investigando con biocidas e parasitos na USC co financiamento da Deputación.

Quere engadir un novo punto:

“Promover a participación e implicar á veciñanza na loita contra a vespa velutina mediante a realización de campañas informativas sobre a colocación de trampas caseiras”

Insta a apoiar a moción aos demais grupos.

O Sr. Vázquez Martínez, do PP, agradece a presentación da moción similar a outras que se están presentando noutros concellos. Di que a modificación do punto un é xusta porque cre que é cuestión de todas as administracións e non só da xunta, xa que deben traballar para minimizar este problema.

En canto ao punto da participación e implicación da veciñanza considérao fundamental, e xa se está a deseñar unha campaña pensando na primavera porque é cando se deben colocar e evitar que se fagan os niños primarios.

Votarán a favor da moción.

Posta a votación, apróbase por unanimidade.

**6º.- Moción do BNG-AA e do concelleiro non adscrito para a humanización dos tránsitos rodoviaros nos núcleos urbanos de Vedra.**

Declárase a urxencia deste punto da orde do día que é aprobado por unanimidade.





Dáse conta da moción presentada polo BNG e por don Roberto Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, na que expoñen que no concello de Vedra existen puntos de especial intensidade de tránsito peonil dentro dos espazos urbanos, concentrados fundamentalmente nas áreas recreativas, farmacia, colexios e espazos sociais onde os pequenos e os maiores realizan actividades de lecer.

Os espazos urbanos municipais (ou asimilables) son: San Xián, Vedra, Ponte Ulla e Santa Cruz, tendo as vías de circulación principais a categoría de travesías, existindo outras zonas no concello con especial tránsito peonil con espazos asimilables a travesías como é o caso de San Fins.

Na actualidade nas vías de circulación dentro dos espazos urbanos, ou asimilables a urbanos, existen pasos peonís que dan prioridade ao tránsito das persoas sobre os vehículos, en zonas especialmente sensibles, sinalizacións que limitan a velocidade por debaixo dos 40 km/h, e redutores de velocidade tipo “bandas rugosas”.

As áreas máis afectadas por esta situación son:

1º.- Na parroquia de Vedra: os tres accesos ao núcleo urbano

1.1.- Un dos accesos acométese polas inmediacións do CPI de Vedra, da Casa dos Maiores, o Pavillón Polideportivo Municipal e o que será nun futuro próximo o Velódromo de Vedra (sen bandas rugosas que advirtan do acceso ao núcleo e unha limitadísima sinalización).

1.2.- Outro dos accesos ao núcleo prodúcese a través dunha área que recolle a farmacia, a Casa do Sindicato e a Casa da Irmandade (Sen sinalización nin redución da velocidade).

1.3.- O terceiro dos accesos prodúcese pola Casa do Concello, enfilando a avenida principal do núcleo e permitindo o acceso ao Centro de Saúde, existindo un elevadísimo tránsito rodoviario e peonil.

2º.- Na parroquia de San Xián de Sales: acceso ao núcleo de San Xián concentra a igrexa, o cemiterio, a Sociedade Agrícola Unión e Progreso e o campo da festa, non existindo sinalización nin redutores de velocidade.

3º.- Na parroquia de San Fins de Sales (zona asimilable a núcleo urbano): A vía pasa polo campo da festa e a escola unitaria, ademais de varios locais, existindo reguladores de velocidade e sinalización adecuada.

Estas áreas concéntranse todas en vías propiedade da Deputación que cruzan os espazos urbanos do concello.

Tendo en conta os tipos de elementos redutores de velocidade e a lexislación que regula a colocación e xeometría destes elementos, e a reiterada negativa da Deputación de mellorar e adecuar estas travesías, ademais de existir unha declarada oferta por parte deste organismo para traspasar a propiedade dos tramos de vías ao ámbito municipal (coa correspondente actualización e adecuación da infraestrutura) , solicítase ao pleno a aprobación da seguinte moción:

1º.- Solicitar o traspaso da propiedade dos tres tramos viarios antes mencionados á Deputación.

2º.- Solicitar, previo traspaso, o arranxo do aglomerado e a colocación de:



\*Sinalización adecuada.

\*Bandas rugosas nos accesos á núcleos, o unas proximidades de zonas especialmente conflitivas.

\*Colocación de pasos peonís sobreelevados, e correctamente sinalizados, (de acordo coa lexislación vixente), diante da farmacia de Vedra, do CPI de Vedra, da Casa do Concello, da escola unitaria de San Fins, e fronte á Sociedade Agrícola Unión e Progreso en San Xián.

\*Colocación de “lombos de asno” nos accesos aos núcleos urbanos.

En todo caso, solicitarase información aos veciños, parroquia a parroquia, convocando reunións, coa finalidade de humanizar os tránsitos rodoviaros a través dos núcleos de poboación, aumentando ou diminuíndo as demandas antes mencionadas, e respectando a lexislación vixente.

Se fose necesario, contratarase asesoramento técnico que garanta a correcta adecuación destes elementos á lexislación, de maneira que non ofrezca dúbida a súa implantación.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA di que a moción está correctamente explicada. A Deputación ten milleiros de quilómetros de viais e négase sistematicamente a calquera tipo de modificación para humanizar os tránsitos viarios.

Por esa vía é inviable humanizar eses tránsitos, a única solución que parece razoable é solicitar o tras paso da propiedade deses tránsitos a propiedade municipal. No seu momento comentouse que sería viable que a cederan, e posto que xa non ían ter o mantemento deses tramos viais, que os colocarían de acordo coas necesidades municipais.

Propoñen solicitar esa transferencia, que se negocie con eles, e de acordo cun técnico, para evitar problemas de carácter legal, se humanicen eses tránsitos.

Pide o voto a favor.

A Presidencia di que é unha moción ben traída e que están de acordo nas condicións que explicou. A súa proposta é solicitar a reparación do aglomerado, da sinalización axeitada, previo traspaso de titularidade.

Di que hai que sacar o da escola unitaria de San Fins porque é municipal, e xa ten que actuar o concello directamente. Por iso votarán a favor e comezarán a tramitalo dende mañá mesmo.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE manifesta que lles gustaría que incluían en San Andrés de Illobre o tramo de diante de O Terrón, xa que é un sitio de moito tránsito de persoas. Lembra que dende a asociación de veciños de San Xián xa se lle fixo traslado disto ao Presidente da Deputación de A Coruña cando estivo alí.

O Sr. Pose Rodríguez comenta que ao de San Andrés pásalle como ao de San Fins. Non é travesía porque necesita máis condicionantes. Agora que a lexislación é un pouco máis flexible poderíase incluír. Recalca que é importante a consulta aos veciños sobre este tema, e recorda que o concello ten que ser consciente de que as transferencias despois hai que mantelas.

Posta a votación a moción, apróbase por unanimidade.

**7º.- Dar conta do Período Medio de Pago do 3º trimestre de 2017.**



Dáse conta do período medio de pago do terceiro trimestre que é de 10,94 días.  
O Pleno dáse por informado.

### **8º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.**

--Á pregunta formulada polo Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, por escrito antes do pleno hai unhas semanas sobre as queixas presentadas por parte dos afectados que teñen comunicado e solicitado ao concello de xeito reiterado que proceda a eliminar niños de vespa velutina; sen que por parte do concello, nin outro organismo, se fixera actuación algunha ao respecto. Informa de casos comunicados hai dous meses, e traslada queixas pola non atención aos labores de colocación de trampas, ao non mudalas de sitio dende hai meses e a non reposición do atraínte; a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez do PP que di que os tempos de resposta dende a comunicación dos niños ata o seu tratamento van depender sempre, da dispoñibilidade dos voluntarios, da cantidade de avisos e da dificultade que presenta cada niño. Poden ser poucos días, ou semanas en niños que están a moita altura e en lugares pouco accesibles, pero tamén dependendo das prioridades nalgúns casos. Non é o mesmo un niño nunha casa ou galpóns anexos que un niño nun eucalipto no medio do monte.

En moitas ocasións hai veciños que chaman pensando que non se fixo ningunha actuación e resulta que ese niño xa foi tratado, pero como os niños que están a grandes alturas non se retiran, pensan que non se lles fixo nada e continúan chamando, ben o que dou o primeiro aviso ou outros veciños que o continúan vendo. Tamén é certo que con semellante cantidade de avisos, algún se puidera esquecer. Recoñece que perfectos non son e erros tamén poden cometer. Pero neste tema non están de acordo.

En canto aos labores de trampeo, colocáronse 40 trampas distribuídas por todo o concello, a maiores das que colocaron veciños ou apicultores, e durante a primavera que é a época do ano na que se fai o trampeo, iso é o que din os entendidos no tema. Trampas ás que hai que facerlle un seguimento e renovarlle o atraínte tal como se fixo mentres se trampeou, porque non é agora cando se fai senón na primavera. Aínda así, neste tema tampouco están de acordo.

Neste sentido, tanto nos labores de trampeo como en todos os procesos de eliminación dos niños, os voluntarios contaron sempre co asesoramento da Asociación Galega de Apicultores AGA.

A día de hoxe contabilizáronse 332 avisos dos cales tan só están pendentes 15, polo que tampouco pode estar de acordo con el en que non se lle están dando solucións á xente porque é precisamente todo o contrario.

Polo tanto, é certo que o máis fácil para o concello era facer o mesmo que fixeron outros concellos, é dicir nada, nin colocaron trampas nin retiraron niños, dedicáronse a criticar ás administracións e mentres tanto, os veciños desesperados e sen encontrar solucións aos problemas. Nalgúns casos, concellos limítrofes con Vedra que o que conseguen non facendo nada e prexudicar aos nosos veciños, porque esta loita ou se fai conxuntamente entre todos ou senón será moi difícil gañala.

Tomaron a decisión que creron que era a mellor para os intereses dos veciños a sabendas de que ía supoñer un gran esforzo económico e de disposición de persoal necesario, pero cree que foi unha decisión acertada e cree que a gran maioría dos veciños está a recoñecer. Agás o Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, que afirma que os cazapantas pouco están a solucionar.

Pois ben, estes cazapantas son veciños coma todos nós, coma ti e coma min, neste caso voluntarios que se ofrecen para axudar a intentar erradicar esta lacra, voluntarios



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



que dedican moitas horas do seu tempo libre a isto, moitas veces en fins de semana e festivos, que teñen a súa propia vida e que merecen cando menos un respecto e un recoñecemento por parte de todos os veciños.

Sinceramente, din que é de ben nacidos ser agradecidos e cree que debería pedirlle desculpas publicamente, porque o que están facendo, é admirable e bo para todos. Algún día, tanto a estes como a outros moitos voluntarios e voluntarias deste concello terán que facerlle un recoñecemento público polo seu labor voluntario.

A Presidencia reafírmase no que dixo o Sr. Vázquez Martínez do PP e no recoñecemento público aos voluntarios.

---Á pregunta formulada polo Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, por escrito antes do pleno hai unhas semanas sobre comunicacións de persoas afectadas que teñen solicitado a acometida ao servizo público municipal de augas, presentadas hai meses no concello e que teñen reiterado a petición ante a falta de solución e seguen sen executarse. Trátase dun servizo básico e debido ás condicións actuais derivadas da seca, as necesidades son de urxencia nalgún caso. Pide que se dea conta no pleno das solicitudes pendentes de executar e a data de solicitude. A Presidencia di que hai que diferenciar varias situacións:

1º.- As solicitudes facíanse por escrito nuns casos e outras de xeito oral, pero non constaba o escrito. Iso estase corrixindo para que todas sexan por escrito no concello.

2º.- Aquelas persoas ás que lle pasa a canalización pola súa pista, vía, etcétera, que fan a solicitude, inténtase facer o enganche o máis rápido posible. Das vinte que se levan feito hai un marxe de oito / dez días, e algunhas fanse antes.

Agora mesmo hai unha persoa que a solicitou o trece de outubro á que se lle pasou o orzamento e aceptouno, e hai dúas persoas que non contestaron aínda.

Hai entre oito e dez persoas con circunstancias específicas. Algunhas teñen feito a solicitude e a rede está a bastante distancia, sobre un quilómetro, pero que se lles dixo que a fixeran xa que cantas máis solicitudes haxa dun lugar pódesele dar prioridade.

Existen casos como o de Reboredo en Ponte Ulla que afecta a varias vivendas e estase intentando solucionar o máis rápido posible, así como en Vedra en Marzán de abaixo, Manteles, Fontao e Fufín. As que están relativamente cerca esperan poder realizalas no mes de novembro. En zonas de San Xián (Cibrán, Laraño, etcétera, está presupostado para levala e poden ser uns douscentos mil euros de inversión).

Na zona de Eiravedra (Santa Cruz de Ribadulla) e na zona de Reboredo (Ponte Ulla) e o Castro onde están os edificios xurdiron problemas e falouse coa Xunta de Galicia por se aportaba 30.000 € e a resposta foi positiva e intertarán executalo no mes de novembro.

Cara a segunda semana de novembro intentarán ter un plan director de extensión da rede de auga por todo o concello que vai permitir saber no 80/90% do concello canto vai custar iso. Ese plan vai ir desagregado por pequenas zonas para poder facer rapidamente os proxectos e executalos.

Recorda que se hai veciños interesados que fagan as peticións por escrito porque é unha forma de darlle prioridade a un lugar ou a outro.

--Á pregunta do Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA sobre a legalidade de non cargar a depuradora de Bazar aos propietarios dos terreos industriais tal e como indica o PXOM, mentres estea vixente, a Presidencia entende que o proxecto da depuradora de Bazar non era algo que estaba previsto no PXOM, e polo tanto, recoñece que non sabe ata que



punto se pode cargar ou non ao polígono. Entende que os plans de xestión económica dun PXOM son abertos ou orientativos. Como existen dúbidas solicitouse un informe xurídico ao Sr. Roibás por escrito para poder actuar correctamente.

--Á pregunta de dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE sobre o balance que fai o grupo de goberno da adhesión á APLU que se aprobou na anterior lexislatura, cantos expedientes hai abertos e pechados e que prazo hai dende que se abre un expediente ata que se pecha; a Presidencia di que a APLU inicia os expedientes de varias formas. Hai unha denuncia dun particular na APLU ou no concello, e dende o concello dáselle traslado á APLU; ou ben a APLU directamente de oficio abre un expediente. Ao ser un concello polo que pasa o Camiño de Santiago, para eles é prioritario.

Sinala que agora mesmo hai dezaseis expedientes abertos dende que existe o convenio, e algúns máis veñen dende antes e unha parte importante deles foron abertos de oficio.

Os procesos na APLU son longos no tempo xa que son procesos moi garantistas. Sábese cando comezan os expedientes, pero despois depende de se hai alegacións, se hai acordo, se chegan ao final, etcétera.

No caso de San Xián que preguntou, cónstalle que no verán estaba o técnico dese particular cos técnicos da APLU, intentando ver se había algo legalizable na reposición da legalidade que ten que facer o particular.

Di que lle constan seis ordes de demolición de galpóns e mesmo, que xa está executada, unha orde de baixar unha altura unha vivenda.

Intervén o Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA para recordar que a pregunta era cantas destas son debidas á aprobación da inclusión do concello na APLU; porque xa tiña competencias previamente en case a totalidade do concello. Pregunta cantas son imputables directamente a esa aprobación.

-- Á pregunta de dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE sobre a banda de Santa Cruz de Ribadulla, sinala que xa está contestada.

-- Á pregunta de dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE sobre a problemática do transporte dos escolares de San Xián ao CPI de Vedra responde que fixeron as negociacións correspondentes e seguirán insistindo na medida das súas posibilidades. Di que non o ve fácil, pero seguirán insistindo e xa fixeron as reclamacións pertinentes diante das persoas que tiñan que tomar a decisión sobre este tema. É difícil a solución porque é a solución que están adoptando no resto de Galicia cando teñen este problema.

--Á pregunta do Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE sobre as probas para publicar en youtube os plenos responde que xa está en marcha e xa está subido o do mes pasado.

--Á pregunta do Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE sobre a obra do campo de fútbol de Vedra, a Presidencia contesta que a convocatoria da subvención saíu o vinte de xaneiro; presentouse o catorce de febreiro e chegou a concesión da subvención uns días antes do pleno de xullo. Se non houbo subvención terían que retrasar a execución da obra.

--Á pregunta do Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE sobre protocolo de actuación contra incendios di que é un comentario que respecta pero que non comparte.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



--Á pregunta do Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE sobre RPT do concello di que parte delas xa están contestadas. En canto aos desequilibrios salariais sinala que xa viñan herdados e intentaron reducilos nos anos de crise e con esta RPT chegan aos obxectivos establecidos polos sindicatos.

Di que cando chegaron as cinco traballadoras do SAF tiñan tres soldos distintos e agora todas teñen o mesmo soldo.

En canto a contratar a unha empresa para realizar o traballo di que consideraron que era a mellor opción e a práctica habitual na maioría dos concellos.

--Á pregunta do Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE sobre a falta de oportunidades neste concello relacionada cos traballos de organización dos fondos documentais do arquivo municipal de Vedra contesta o Sr. Vázquez Martínez do PP que di que non opina o mesmo porque cre que hai igualdade de oportunidades neste concello e non ten intención de volver ao pasado.

--Á pregunta do Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE sobre das obras do local da Terceira Idade di que solucionaron os problemas que había, e en todo caso, a medida que avance o inverno poderán comprobar se funcionan realmente.

--Á pregunta do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, sobre petición de documentación referente aos traballos de organización do arquivo municipal di que xa a contestou o Sr. Secretario no seu momento.

Afirma a Presidencia que non se parapeta en ningunha enxeñería xurídica para tratar de argumentar a negativa a facilitar a copia da documentación. Cre que xa ten copia ou fotos da documentación e xa lle dixo persoalmente que non tiña problema ningún, que o único é que fixera unha solicitude por escrito razoada como figura no informe do Sr. Secretario. Só pide que se cumpra o que establece o informe e non se nega a explicar nada.

Sinala que neste asunto a única intervención que tivo, foi asinar os documentos que viñan na carpeta de firmas e polo tanto descoñece o motivo polo que se asinou o contrato o día vinte e un.

Di que tampouco sabe se a contratada se deu de alta exclusivamente para este traballo ou se continuou.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, pregunta se a día de hoxe a pesares da pregunta xa formulada non tivo curiosidade ao respecto, ao que a Presidencia contesta que non.

--Á pregunta do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, sobre o plan de suficiencia enerxética en Santa Cruz de Ribadulla contesta que se falara de facelo na Casa de cultura de Santa Cruz ou na de San Miguel e que aínda non foi presupostado.

--Á pregunta do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, sobre o Plan de igualdade do concello di que en xeral gustaríalle ter máis recursos económicos e de persoal non só neste departamento. É consciente de que son un concello moi activo, con moitos servizos e actividade social, e o propio persoal do concello llo poderá confirmar que este ano se deron unha serie de circunstancias de forza maior, baixas laborais, que nunca antes acontecera e que dificultou o labor do persoal. Así mesmo, aproveita para agradecer o esforzo e desdobre que fixo o persoal para que as cousas saíran adiante. Espera poder traer ao pleno de novembro o Plan de igualdade do concello.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Di que sempre está demandando máis recursos e persoal ás distintas administracións cando teñen reunións con elas. No caso concreto de política social ten que dicir que o que demanda son máis horas de dependencia e que xa lles transmitiron que os 9,70 € que abonan por hora de dependencia son insuficientes.

Respecto á composición da comisión de igualdade di que está composta do seguinte xeito:

Presidencia: Alcalde ou concelleiro en quen delegue.

Vocais: un representante de cada un dos grupos políticos da corporación municipal a proposta dos mesmos e nomeados polo pleno.

Técnico/a: da área da muller das organizacións sindicais representativas do concello de Vedra.

Un representante de cada unha das asociacións de mulleres que traballan a favor da promoción da igualdade e defensa dos dereitos da muller e cuxo ámbito de actuación abarque o concello de Vedra.

Ata un máximo de dous representantes en relación ás asociacións xuvenís, de maiores, culturais, artísticas, sociais que desenvolvan e traballen en obxectivos xerais no fío do plan de igualdade.

Ata un máximo de tres en representación doutros ámbitos: empresarial, educativo, veciñal.

Poderase solicitar en calidade de asesores, con voz pero sen voto, dous expertos en momentos puntuais nos que se precise aclaración nos traballos a desenvolver pola comisión.

Secretaría: secretario municipal ou persoal municipal en quen delegue.

Intervén o Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, para dicir que o grupo de goberno lle contestou á Valedora do Pobo hai dous meses que no mes de setembro ou outubro ía haber un Plan de igualdade e a estas alturas non hai traza diso. Díxolle que a comisión de igualdade estaba constituída hai dous meses e medio, na cal formaría parte a Presidencia e el mesmo, e infórmao agora.

A Presidencia di que entende que a comisión de igualdade que acaba de dicir é a que se prevé no próximo Plan de igualdade. Non é que estea constituída.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, pregunta se entón o que lle contestaron á Valedora do Pobo hai dous meses e medio é certo, que hai unha comisión de igualdade constituída traballando no novo plan de igualdade que se vai traer a aprobar dentro dun mes.

A Presidencia pregunta se o que quere sabe é quen compón esa comisión. El entendeu que era a composición desa comisión dentro do Plan de igualdade que se vai traer a pleno.

--Á pregunta do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, sobre o Local Social de Vedra, responde que hai que continuar coas fachadas para que teñan unha unidade. O arquitecto considerou que para solucionar os problemas había que instalar esa fachada hiperventilada e a el persoalmente gústalle e ten compañeiros aos que non. Entende que non se debe comparar cunha vivenda unifamiliar polo tipo de edificación que é, pola situación na que están, etcétera.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



--Á pregunta do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, sobre o IBI da nave do concello en Trobe, a Presidencia cre que ninguén paga un recibo de IBI por esa parcela e segundo as súas informacións non se está emitindo ningún recibo de IBI pola mesma. Si é certo que catastralmente non se cambiara a titularidade e está en trámite agora mesmo.

--Á pregunta do Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA sobre a APLU di que xa está contestada.

--Á pregunta do Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA sobre o Centro de día sinala que queda para o pleno do mes de novembro.

--Á pregunta do Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA sobre a moción presentada para o mantemento das oficinas de correos en Vedra e Boqueixón, di que hai unha moción aprobada que sería o ideal. Recorda que a moción é un mandato para os alcaldes de Vedra e Boqueixón, pero non unha obriga para Correos.

O que se aprobou no pleno é algo que teñen que reclamar pero non é unha obriga de Correos aceptalo nin en todo nin en parte.

Di que en virtude dese mandato houbo unha reunión entre o alcalde de Boqueixón e o de Vedra co xefe da zona noroeste. Nesa reunión Correos deixou claro que no tema laboral dos carteiros non ían aceptar ningunha interferencia dos concellos. Teñen decidido que vaian fichar ás 7:30 e ás 15:00 a Santiago. Din que é unha decisión interna da empresa e garanten que non vai afectar á prestación do servizo.

Tamén garanten que os carteiros seguirán na mesma zona, que non vai prexudicar o reparto e que o horario de atención ao público en Vedra vai seguir sendo o mesmo, de 8:30 a 10:00 horas.

Nesa reunión custou convencer ao xefe da zona noroeste de que estudaran a posibilidade de que nun punto céntrico entre Vedra e Boqueixón crearan unha oficina técnica con amplitude de horario pola mañá e con todos os servizos. Por este motivo, si é certo que tiveron que buscar un local pegado á estrada nacional e que Correos lle dese o visto e praxe. Si estiveron en Lestedo vendo un local por se podía servir para crear esa oficina técnica.

Aínda non acadaron ningún acordo e as posturas están distantes.

--Á pregunta do Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA sobre o parque comarcal de bombeiros responde que os seis concellos, de distintas cores políticas, non forman parte do Consorcio Provincial, que conforman o concello de Santiago, Deputación de A Coruña e Xunta de Galicia. Ás últimas informacións que teñen é que se están a acercar as posturas e pronto poderán ter unha solución satisfactoria para todos.

--Á pregunta do Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA sobre os problemas que aconteceron nos procesos de selección do obradoiro de emprego Vedra-Boqueixón en relación a un traballador respecto ao uso do idioma galego di que preguntou ao grupo de traballo mixto que foi quen realizou as probas de selección do obradoiro e a presidenta do mesmo, Cristina Reguera, manifestoulle que a pregunta que lle trasladaba era vaga e imprecisa, xa que se refire a un traballador e non se pode deducir a que supostos problemas se está referindo. Non obstante, e respecto á lingua empregada, maniféstalle que todos os candidatos se expresaron na lingua que desexaron e que o proceso





selectivo transcorreu con normalidade e de acordo co procedemento establecido na orde de convocatoria e as bases do mesmo.

--Á pregunta do Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA sobre o proceso de reposición da legalidade do cruceiro de Lombaos contesta que xa se dictou a Providencia para a reposición da legalidade.

#### 9.- Rogos e preguntas.

--Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE pregunta:

1º.- Sobre o transporte escolar dos alumnos de San Xián xa esperaba a contestación dada a implicación por parte de todos. Confírmase que a crise leva a culpa de todo, recortes en educación, sanidade, etcétera levados a cabo polo Sr. Núñez Feijoo e o PP. Mostran unha insensibilidade total cos escolares que se levantan ás 08:00 e van comer ás 16:00 horas. Espera contestación no próximo pleno se se produce algunha novidade ao respecto.

2º.- Cal é a utilidade do campo de traballo que se estaba realizando en San Xián estes días? Que fins persegue? Cal é o seu custe? Que subvencións recibe?

--O Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE pregunta:

1º.- Dígalle ao Sr. Vázquez Martínez do PP sobre o tema da desigualdade que non lle importa o que pasou nin o que pasará; impórtalle o que está pasando e o enchufismo é un tipo de desigualdade. Roga que non os tomen por parvos.

2º.- Hai un megaproxecto para humanizar o centro de Vedra ao abeiro do PAES. Falando con veciños transmitiron a necesidade dun tramo de beirarrúa dende o bar O Candil ata Aluminios Vedra ou mesmo ata o cruce que hai antes. No caso de non ser beirarrúa podería ser unha senda peonil, e se non o queren incluír neste proxecto propoñano para o próximo POS+.

3º.- Respecto ás obras do campo de fútbol de Vedra:

Que pasaría no suposto caso de que non se remataran as obras no prazo establecido? Está seguro de que non se rematarán o día trinta e un e entende que quedará deserta a subvención e terán que correr cos gastos.

4º.- Ollando a prensa estes días, viu que se duplicou o orzamento en información. Nos dous medios de comunicación de maior tirada en Galicia aumentou o número de páxinas dedicadas ao concello, sobre todo en El Correo Gallego. Sorpréndelle ver cousas que xa pasaron como: "A Xunta destinará unha dotación a mellora-lo saneamento na área de Santiago".

Ese é un convenio que se asinou o ano pasado destinado a mellorar as infraestruturas de saneamento en Vedra cunha achega de 700.000 € e agora volve saír a noticia.

Que consideran como puntos negros aquí en Vedra? O centro neurálxico de Vedra co concello, colexio, centro de saúde, pavillón sen auga e saneamento e mandan os cartos a Santa Cruz e San Mamede.

A Presidencia responde que daquel proxecto de San Mamede e Santa Cruz queda unha terceira fase. A primeira xa se acometeu no 2015 e foron 435.000 €.

Están traballando para que se acometa o saneamento integral da parroquia de Vedra no ano 2018.

O Sr. Lago Lestón, do PSdG-PSOE solicita que lle digan cales son os puntos negros e que empecen a traballar nas necesidades reais do concello.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



5º.- Sobre o tema do vagón de tren chocoulle unha noticia que sae en La Voz de Galicia. Pregunta que é iso de “os responsables do museo de Vedra”.

A Presidencia responde que é La Voz de Galicia de Monforte e que nin os chamaron nin preguntaron nada.

O Sr. Lago Lestón, do PSdG-PSOE solicita que lle manden unha corrección ao editor.

Para o sacar o vagón do tren seica houbo que tirar un tramo de muro de nove metros, e revisando o proxecto non aparece por ningún lado esa acción. Sobre quen recae o custe de tirar e refacer o muro?

6º.- Respecto á publicación dos vídeos do pleno en Youtube agradécelle a publicación dese primeiro vídeo pero cústalle atopalo. Pódelle dicir onde está? Di que non sobraría un enlace directo na páxina web do concello e a colocación dunha cámara web como xa se quedara na anterior lexislatura.

--O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, pregunta:

1º.- Sobre o Plan de igualdade de oportunidades muller/home, pregunta se lle pode responder sobre o estado de elaboración do documento e xa non o solicita por escrito.

2º.- Respecto á loita contra a vespa velutina solicita que se lle facilite o investimento económico que se leva feito en Vedra, tanto propio do concello como doutras administracións ou subvencións.

3º.- Respecto da leira de Xián onde está a nave do concello, segundo a consulta feita do expediente que lle facilitaron, habería unha finca de 1.500 m<sup>2</sup> propiedade do concello, en virtude dun convenio urbanístico feito no seu día e se formalizou a correspondente escritura.

Hai outra parcela confusa na cal a documentación que se achegou é un documento privado de cesión entre propietario e concello. Nese documento non se concreta cal é a contraprestación que recibe a propiedade cedente. A raíz de aí coa aprobación do Plan Xeral e do Plan Especial, tampouco se fai mención á titularidade da propiedade.

Houbo algún tipo de acordo, convenio, colaboración público-privado?

Cal era a intención e de que maneira se ía desenvolver e executar ese plan?

4º.- Recibiu unha queixa polo estado de falla de limpeza do local a carón do ximnasio no polideportivo de Vedra, onde se fai ioga e outras actividades.

Pido que atendan esta queixa e emenden a situación, se é o caso.

Qué tipo de control e seguimento fai o concello sobre a calidade da prestación do servizo e cumprimento das condicións da concesión das instalacións deportivas cuxa xestión está externalizada?

5º.- Foron aprobadas dúas facturas de gasto correspondentes ao aluguer de dúas furgonetas de similar clase e alugadas ao mesmo provedor. Un arrendamento é polo período do catro ao dezaseis de xuño, e o outro é polo período do catro ao trece de xuño. Resulta que ambas facturas, ambos arrendamentos, a pesares de ser por prazos distintos e vehículos da mesma clase, o importe de ambas é exactamente o mesmo.

Existe algún tipo de erro se o prazo de aluguer de ambos vehículos, en realidade foi do catro ao dezaseis de xuño?

6º.- Sobre a bolsa de emprego temporal da que se aprobaron en pleno as bases reguladoras para a selección de persoal para a constitución desas bolsas e que se pretendía que entrara en vigor pronto.

Cónstalle que o concello fixo un pagamento a unha empresa privada durante uns meses de verán polo concepto de servizo de reforzo para a ludoteca. Entende que este servizo debería estar cuberto mediante esa bolsa de emprego temporal.

Por que non se cubriu con esas listas de contratación ese servizo?



De que xeito se cubriron ou se están cubrindo o resto de servizos incluídos nesas bases?

7º.- Respecto á adxudicación das obras do campo de fútbol d Vedra, consta no informe técnico unha anotación que afecta á empresa que resultou ser a contratada, na cal se di que a súa proposta económica é unha baixa temeraria e que terá que xustificar a proposta. De que maneira se xustificou esa proposta?

8º.- Sobre os traballos de organización do arquivo municipal de Vedra respondeu que non lle interesa nin ten curiosidade en saber a razón pola que se adiou a data de comezo dos traballos para o día vinte e un, e que o argumento que se expuxo é que a data de alta da contratada pola imposibilidade leal de contratar.

Dixo que non tiña curiosidade e que lle daban unha carpeta e asinaba o que lle poñían e asinou a xustificación para ese procedemento de contratación.

Se esa e outras cuestións que saíron noutros plenos, como a alteración da proporcionalidade entre o traballo e o orzamento que constaba no proxecto, reducíndose a un terzo a carga de traballo e mantendo o orzamento, mesmo se incrementou, pregunta se eses favores do Sr. Alcalde son consecuencia da relación existente entre a contratada e o concelleiro Sr. Lema Mougán do PP ou é o xeito habitual de actuar e proceder do Sr. Alcalde.

9.- Respecto ao coche-tren de Santa Cruz de Ribadulla o Sr. Alcalde (en representación do Concello de Vedra) asinou un contrato coa Fundación de los Ferrocarriles Españoles, en Madrid o 11 de agosto de 2014, titulado “Contrato de Cesión de Uso Temporal y Depósito entre la Fundación de los Ferrocarriles Españoles y el Concello de Vedra”

#### Na Cláusula segunda “OBLIGACIONES:

**Punto 2** (por exemplo): “Vedra estará obligada a la guarda y custodia diligente del coche cuyo depósito se cede, correspondiéndole a su exclusivo cargo la conservación, el mantenimiento, y las reparaciones necesarias para la preservación del mismo, sin ostentar derecho alguno al reembolso de los gasto incurridos en la ejecución de dichas labores. En caso contrario, quedará rescindido el presente contrato y el coche será devuelto a la Fundación F.E. en el lugar que se convenga.

Una vez rescindido el contrato, la Fundación prodrá exigir a Vedra la compensación de daños y perjuicios por el deterioro sufrido.

Finalizado el contrato, también serán de cuenta y cargo de Vedra el traslado y los gastos de restitución del coche a la Fundación F.E. al lugar que esta designe como punto de devolución.”

**Punto 3** (por exemplo): Vedra responderá de los daños, sustracciones o cualquier otro siniestro que sobre el vehiculo puedan ocasionar sus miembros, usuarios o terceros.

**Punto 4** (por exemplo): No podrá realizar en el vehículo cedido ningunha modificación significativa sin la expresa autorización de la Fundación.

**Punto 5** (por exemplo) “Vedra estará obligada a la inmediata restitución del vehículo a la finalización del plazo determinado en el presente contrato o cuando sea reclamada por la Fundación F.E.”

#### Cláusula terceira: OBLIGACIONES DE LA FUNDACIÓN

Ceder el vehículo en el estado y condiciones en que se encuentre.

#### Cláusula sexta: DEVOLUCIÓN DEL VEHÍCULO

Sin perjuicio de la duración prevista en la cláusula cuarta, la Fundación se reserva la facultad de reclamar en cualquier momento la devolución temporal o definitiva del vehículo cedido, viniendo obligada Vedra a su entrega en el plazo de tres meses desde su reclamación.



Cláusula novena: INCUMPLIMIENTO

El incumplimiento de las obligaciones establecidas en este contrato facultará a la Fundación a dar por resuelto total o parcialmente el mismo.

Como consecuencia de ello, deberá realizarse la devolución del vehículo, la cual se llevará a cabo en lugar que la Fundación determine, con la firma de la correspondiente acta de recepción. Todos los gastos del traslado serán por cuenta de Vedra.

Cláusula cuarta: DURACIÓN “CESIÓN DE USO TEMPORAL

Las partes convienen que la cesión de uso temporal y depósito identificada en este contrato, tendrá una duración de DIEZ AÑOS, prorrogables a diez años más, a contar desde la fecha de la firma del presente Contrato. Si llegada la fecha de vencimiento del último plazo no hubiera sido denunciado por cualquiera de las partes, el Contrato se prorrogará por tácita reconducción por plazos anuales.

Pregunta se este é o contrato ao abeiro do que Vedra ten o dereito de uso do tren e se é o contrato que vincula a Vedra co tren?

--O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA, pregunta:

1º.- No tema de Correos recórdalle que hai un dobre horario pola mañá e a mediodía e espera que ao concello non se lle pase pola cabeza colaborar no pago do local de Lestedo e manteña o local de Vedra tal e como dicía a moción.

2º.- Respecto ao campo de fútbol de Vedra pregunta se consultaron coa directiva do Vedra C.F ou só coa xente do PP da directiva.

3º.- Sobre a finca que está en proceso xudicial onde estaba previsto a instalación dun centro de día, solicita información sobre o poder xudicial; en que se basea a súa alegación, que fins pretenden acadar e cal é o avogado encargado da tramitación.

4º.- Solicita a RPT que pagou a Deputación de A Coruña para revisala.

Cando na comisión solicitou que lle pasaran a última RPT, que non había, senón que había un listado de postos de traballo, quere ver se fose posible, ese listado de postos de traballo de 2016 coa carga económica correspondente de cada un para saber os incrementos económicos.

5º.- Solicita formalmente a rehabilitación do palco da música de Vedra por ser un edificio singular, de excepcional valía, que forma parte da paisaxe natural de Vedra, datado de finais do século XIX principios do XX, protexido no PXOM. É unha edificación cunha técnica construtiva moi peculiar, realizado polo mesmo arquitecto que fixo os palcos de música da Alameda de Santiago, que merece ser salvado.

Solicita ademais que no proceso e rehabilitación se estude a acústica e se reverta ao seu estado orixinal, xa que parece ser que sobra unha placa que fai que a acústica non sexa a correcta.

É un ben patrimonial que pertence ao concello e aos veciños e non permitan que un temporal faga danos nel.

6º.- Existe algún problema co servizo telefónico no concello?

7º.- Como vai o tema do PAES? Como vai o proceso? Saíu a concurso? Presentouse?

Conclúe ao fío das vinte e tres horas e cinco minutos.